

to de Autonomía para Galicia, e de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 1/1982, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, de acordo co Consello de Estado, de conformidade co disposto no artigo 2.6 da Lei orgánica reguladora do mesmo, a proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaioito de decembro de mil novecentos oitenta e seis,

DISPOÑO:

Artigo 1.º— Tódolos concesionarios que teñan no itinerario das súas concesións que discorran integramente polo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia accesos e saídas de autoestradas poderán solicitar da Dirección Xeral de Transportes a súa utilización como anexos-desviación na explotación da súa concesión regular, sen detrimento da prestación do servizo regular de transporte de viaxeiros polo itinerario sinalado na concesión preexistente e sempre e cando non desvirtúen a natureza e importancia da concesión inicial nin prexudiquen os tráxicos das concesións dos servizos regulares de viaxeiros existentes.

Artigo 2.º— 1. Os titulares de concesións de servizos regulares de transporte de viaxeiros que discorran, así mesmo, íntegramente polo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia tamén poderán solicitar da Dirección Xeral de Transportes a incorporación de anexos-desviación que discorran parcialmente por autoestradas e vías de acceso a elas, cando tal ampliación teña como finalidade unha mellora da explotación da concesión inicial e unha maior calidade e seguridade no transporte, sempre e cando se dean as seguintes circunstancias:

a) Que non se desvirtúe a natureza e importancia da concesión inicial.

b) Que non conleve unha captación do tráfico das concesións administrativas de servizos regulares de viaxeiros existentes.

c) Que o anexo-desviación que se solicita non teña un percorrido superior en máis do 25% ó do percorrido alternativo do tramo de itinerario que serve entre ámbolos puntos a concesión preexistente.

2. Entenderase por concesión inicial o conxunto de itinerarios atribuídos no primeiro título concesional, calquera que sexa a denominación que nel se lles dea.

Terá esta mesma consideración a totalidade dos itinerarios que abrangan o servizo resultante dunha unificación.

3. O concesionario determinará na solicitude os lugares de acceso e saída da autoestrada, que se deberán realizar polo punto máis próximo ó itinerario da concesión e pola rota máis curta.

Artigo 3.º— Nos anexos-desviación incorporados ás concesións en virtude do disposto nos artigos anteriores, a lonxitude dos tramos das vías de acceso nas que existan prohibicións de tráfico e a lonxitude total do percorrido polas autoestradas non se terán en conta para determina-la percentaxe de coincidencia con novas solicitudes de servizo.

Artigo 4.º— A autorización que permita a utilización das autoestradas e vías de acceso outorgada de conformidade co disposto neste Decreto non xerará a prol do concesionario dereitos de ningún tipo que non sexan os recoñecidos no acto autorizante.

Artigo 5.º— As empresas concesionarias que soliciten os anexos-desviación ós que fan referencia os artigos 1.º e 2.º deste Decreto garantirán a prestación do servizo de transporte regular de viaxeiros polo itinerario concesional preexistente, a fin de que os usuarios de igual itinerario sigan dispoñendo do mesmo, co que deberán propoñer xunto coa solicitude a frecuencia de expedicións por ambos itinerarios.

Disposición transitoria.— As solicitudes que estean en trámite no momento da entrada en vigor deste Decreto deberán resolverse de conformidade co disposto nel.

Disposicións derradeiras.

Primeira.— Queda derogada a Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 2 de xullo de 1984 (D.O.G. do 17), o artigo 6.º da Orde do Ministerio de Obras Públicas do 27 de outubro de 1972 (B.O.E. do 9 de novembro seguinte) e cantas disposicións se opoñan ó disposto neste Decreto.

Segunda.— Facúltase ó Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para dictar cantas disposicións sexan oportunas para o desenvolvemento deste Decreto.

Terceira.— Este Decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dezaioito de decembro de mil novecentos oitenta e seis.

Xerardo Fernández Albor
Presidente

Fernando Pedrosa Roldán
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras
Públicas

Consellería de Educación

|| Orde do 16 de xaneiro de 1987, pola que se regulan as Asociacións de Pais de Alumnos.

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 5.º 6 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, que sinala que se establecerán regulamentariamente as características específicas das asociacións de pais de alumnos e en virtude das atribucións conferidas pola disposición derradeira primeira da propia Lei e polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións

da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación,

DISPOÑO:

1.º— Os pais de alumnos teñen garantida a liberdade de asociación no ámbito educativo.

2.º— As Asociacións de Pais de Alumnos rexeranse pola lexislación de asociacións nos aspectos xerais que lles sexan de aplicación e pola Lei orgánica 8/1986 e por esta Orde nos seus aspectos específicos.

3.º— Para efectos do disposto nesta Orde, terán o carácter de Asociacións de Pais de Alumnos as que se constituán nos centros docentes públicos e privados que impartan ensinanzas de Educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional.

4.º— Só poderán pertencer ás asociacións os pais ou tutores de alumnos que cursen os seus estudos nos centros docentes reseñados no artigo anterior.

5.º— As asociacións de pais de alumnos asumirán as seguintes finalidades:

a) Asistir ós pais ou tutores en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos ou pupilos.

b) Colaborar nas actividades educativas dos centros.

c) Promove-la participación dos pais de alumnos na xestión do centro.

d) Asistir ós pais de alumnos no exercicio do seu dereito a interviren no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos.

e) Facilita-la representación e a participación dos pais de alumnos nos Consellos Escolares dos centros públicos e concertados e noutros órganos colexiados, se é o caso.

f) Calquera outras que, dentro da normativa vixente, lle asignen os seus respectivos estatutos.

6.º— As Asociacións de Pais de Alumnos constituiranse mediante acta na que conste a vontade de varios pais ou tutores de alumnos de crear unha asociación orientada ó cumprimento das finalidades establecidas no artigo 5.º desta Orde.

7.º— Cada Asociación de Pais, dentro do marco xurídico indicado no artigo 2.º, rexerase polos seus propios estatutos que deberán contemplar, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Denominación da asociación, cunha referencia que a singularice e mención do centro docente no que se constitúe.

b) Finalidades da asociación, conforme ó disposto no artigo 5.º

c) Domicilio, que poderá se-lo do centro docente no que se constitúe.

d) Composición e funcionamento dos seus órganos de goberno que, en todo caso, deberán ser democráticos.

e) Procedemento de admisión dos asociados que será, en todo caso, voluntaria e logo de solicitude de inscrición, sen que se poidan esixir máis requisitos có de ser pai ou tutor de alumno matriculado no centro, pagar, se é o caso, as correspondentes cotas e aceptar expresamente os estatutos da asociación.

f) Dereitos e deberes dos asociados.

g) Patrimonio fundacional, recursos económicos previstos e aplicación que se deba dar ó patrimonio da asociación en caso de disolución.

h) Rexime de modificación dos estatutos.

8.º 1.— As APAS presentarán na Delegación Provincial da Consellería de Educación a acta e mailos estatutos, así como calquera modificación que se produza nos mesmos para a súa inclusión no censo.

2.— A inclusión no censo, que terá carácter declarativo, levárase a cabo sempre que os fins da asociación se axusten ó establecido na Lei orgánica 8/1983 e nesta Orde e entenderase realizada se, transcorridos dous meses desde a presentación da acta e dos estatutos, non caera resolución expresa.

9.º— As Asociacións de Pais de Alumnos poderán federarse a nivel parroquial, local, comarcal ou en ámbitos territoriais máis amplos, así como confederarse, debendo envia-la acta de constitución da federación ou confederación á Consellería de Educación para a súa inclusión no censo referido no artigo anterior.

10.º 1.— As Asociacións de Pais de Alumnos poderán utiliza-los locais dos centros docentes para realizaren as actividades que teñen de seu; para este efecto, os directores dos centros facilitarán a integración das ditas actividades na vida escolar, tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma.

2.— Será necesaria, en todo caso, para efectos de utilización dos locais do centro, a previa comunicación da xunta directiva da asociación á Dirección do centro.

3.— Os directores dos centros públicos, cando as disponibilidades de locais o permitan e cando o soliciten as asociacións, facilitarán o uso dun local para o desenvolvemento das actividades internas de carácter permanente das asociacións constituídas nos mesmos.

11.º 1.— As Asociacións de Pais de Alumnos non poderán desenvolver nos centros máis actividades cás previstas nos seus estatutos dentro do marco das finalidades fixadas no artigo 5.º desta Orde, e deberán informar, en todo caso, ó Consello Escolar do Centro. Cando, as ditas actividades vaian dirixidas ó alumnado poderán participar nas mesmas tódolos alumnos.

2.— Os gastos extraordinarios que se puidesen derivar das actividades referidas no apartado anterior correrán a cargo das asociacións organizadoras.

3.— As Delegacións Provinciais da Consellería de Educación logo de informe da autoridade municipal correspondente no caso de centros públicos de Educación Xeral Básica, resolverán cando exista desacordo

entre o director do centro e a asociación na contía dos gastos que terá que pagar esta derivados do uso das instalacións e servicios do mesmo.

12.º— A Consellería de Educación proporcionará a través dos seus órganos centrais ou provinciais competentes o asesoramento que se solicite para facilitar a constitución de asociacións, federacións e confederacións de pais de alumnos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os Conservatorios de Música, Escolas de Idiomas, Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos e outros centros de características singulares serán obxecto de regulación especial.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No prazo de seis meses as asociacións, federacións e confederacións de pais de alumnos xa existentes axustaranse ó disposto nesta Orde.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta Orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 1987.

M.ª Xesús Sainz García
Conselleira de Educación

Consellería de Cultura e Benestar Social

Decreto 413/1986, do 18 de decembro, polo que se modifica a composición e funcionamento das Comisións do Patrimonio Histórico Galego.

Polo Decreto 147/1983, do 1 de decembro, a Xunta de Galicia asumiu as competencias en materia de patrimonio artístico, arqueolóxico e histórico, transferidas polo Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo. A partir destas disposicións, procedeuse á adecuación á realidade galega dos órganos centrais e periféricos encargados da xestión das ditas competencias e, en concreto, as Comisións Provinciais, que viñan funcionando segundo as normas do Decreto 3194/1970, do 22 de outubro, e o artigo 10 do Real Decreto 392/1970, do 10 de febreiro, e que foron reguladas pola Xunta de Galicia en virtude do Decreto 160/1982, do 1 de decembro.

A actuación destas Comisións é especialmente importante en Galicia, dada a calidade e o número dos monumentos histórico-artísticos, conxuntos monumentais e xacementos arqueolóxicos, e a súa difícil vixilancia, debendo tratar de impedi-la Administra-

ción calquera menoscabo, expoliación ou deterioro dese patrimonio. Unha parte importante dese labor de custodia vén constituída pola preceptiva aprobación das obras que poidan alterar ou destruír, non só os edificios, senón tamén o ambiente que os circunda, labor este de carácter preventivo que debe ir acompañado dunha función tamén activa de promoción de cantas actuacións conduzan ó mellor cumprimento dos fins de protección dese patrimonio cultural colectivo.

Todo isto esixe a proximidade dos órganos administrativos, co fin tamén de que se lles dea unha rápida tramitación ós expedientes, a partir do coñecemento directo de cada situación. O mantemento da actual descentralización territorial resulta, polo tanto, non só conveniente, senón que é preciso profundizar na mesma, procedendo á reestructuración da organización e funcionamento dos servicios periféricos, para dotalos de maior responsabilidade e eficacia, mediante unha ampliación das súas competencias, que desconxestione a actividade dos servicios centrais e lles proporcione a maior autoridade posible na súa importante misión.

Na súa virtude, a proposta do Conselleiro de Cultura e Benestar Social, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezoito de decembro de mil novecentos oitenta e seis,

DISPOÑO:

Artigo 1.º

Créanse en cada unha das provincias galegas e na cidade de Santiago de Compostela, pola súa excepcional significación, Comisións Territoriais do Patrimonio Histórico-Artístico como órganos colexiados, dependentes organicamente da Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico e funcionalmente das Delegacións Provinciais da Consellería de Cultura e Benestar Social.

Artigo 2.º

A Comisión do Patrimonio Histórico da Cidade e Camiño de Santiago terá com ámbito territorial o que comprende o conxunto histórico-artístico de Santiago declarado polo Decreto de 9 de marzo de 1940 e o Camiño de Santiago no ámbito da Comunidade Autónoma declarado polo Decreto 2224/65, de 5 de setembro.

Artigo 3.º

As Comisións do Patrimonio Histórico terán as seguintes atribucións:

a) Asegura-la protección e posta en valor dos bens de interese cultural da Comunidade Autónoma galega, así como o de tódolos bens, mobles e inmobles, de carácter histórico, artístico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico e os do patrimonio documental e bibliográfico, os xacementos e zonas arqueolóxicas, e os sitios naturais, xardíns e parques, de interese para Galicia.

b) Elabora-los plans ou propostas de actuación anual que lles sexan solicitados pola Dirección Xeral ou que as Comisións consideren oportuno elevar a esta por propia iniciativa.